



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la **desconexión de los servicios de teléfono e internet en la parroquia de Sobradelo en Vilagarcía de Arousa**.

Los vecinos de Sobradelo, en el Municipio de Vilagarcía de Arousa, sufren una desconexión digital total desde que se retiró la línea de cobre ADSL, una situación que ha sido trasladada al Gobierno en iniciativas anteriores. La falta de acceso a internet y telefonía fija se produce a pesar de que esta zona, incluidos centros como A Malladoira, Vilaboa o A Rosaleda, están incluidos en el Plan Único de Banda Ancha que debería garantizar ya la conexión de fibra óptica en la parroquia.

Esta situación fue denunciada por los propios afectados a la Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales, además de a otras instituciones, ya que fue este organismo el que en 2021 adjudicó a Telefónica un contrato multimillonario para llevar la banda ancha a las zonas blancas. El 2 de diciembre de 2021 se publicó la resolución que incluía a diferentes municipios del territorio de Pontevedra como Vilagarcía de Arousa, incluyendo las calles de Cornazo, Faxilde, Fontecarmoa y toda la parroquia de Sobradelo, en el Programa Único. Fue a finales de 2023 cuando se instaló fibra óptica en diferentes lugares de la parroquia de Sobradelo, sin embargo, 150 viviendas de la parroquia de Sobradelo se quedaron sin instalación, con los consiguientes problemas para los vecinos en su día a día.

Incluso recientemente, el 2 de septiembre, el barrio envió un nuevo escrito a la empresa Telefónica, en el que informaba a uno de los afectados que había constatado que “la falta de infraestructura de red mediante tecnología de Fibra Óptica (FTTH) en la zona de residencia impide la prestación del servicio”. Ante la demanda de habilitar una tecnología FTTH específica, Telefónica alega que “no puede estimar si se trata de un servicio incluido dentro de las obligaciones del Servicio Universal y en consecuencia, su prestación dependerá de la disponibilidad de la Central que dé servicio a la zona”, dando como única alternativa disponer del servicio a través de tecnología de radio. Sin embargo, el Plan UNICO Banda concedió subvenciones a la empresa para cubrir las llamadas zonas blancas, como la parroquia de Sobradelo.



Por ello, el BNG exige que el Gobierno supervise la ejecución de las subvenciones concedidas y exija que las actuaciones se finalicen y/o concluyan, solucionando el problema de los vecinos de Sobradelo que, aún hoy, continúan sin acceso a la fibra óptica que debería haber sido instalada, y que quedan absolutamente desprotegidos ante actuaciones abusivas de la empresa.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué medidas está tomando el Ministerio de Transformación Digital para acabar con los problemas de desconexión digital, tanto de telefonía fija como de acceso a internet de banda ancha, que sufren los habitantes de la parroquia de Sobradelo del municipio de Vilagarcía de Arousa?
2. Dado que la empresa Telefónica recibió una subvención con cargo al Programa UNICO de Banda Ancha para la extensión de la fibra en las parroquias de Vilagarcía de Arousa, ¿está de acuerdo en que sea responsabilidad de la empresa dar solución a la conexión de los vecinos que todavía hoy no tienen acceso a internet?
3. ¿Exigirá a las empresas receptoras de subvenciones del citado Programa garanticen la extensión de la fibra óptica y la telefonía 5G a todo el barrio?
4. ¿Cuál será la actuación del Ministerio en caso de comprobarse que no se ha cumplido la finalidad de la subvención? ¿Es una práctica habitual reclamar la devolución de la subvención en estos casos? ¿Hay algún expediente abierto por esta causa?

Madrid, a 24 de septiembre de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

24 SEP. 2025 14:25:57

Entrada **82115**

Sobre os problemas de desconexión dixital na parroquia de
Sobradelo en Vilagarcía de Arousa

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á desconexión de teléfono e internet na parroquia de Sobradelo en Vilagarcía de Arousa.**

Os veciños e veciñas de Sobradelo, no Concello de Vilagarcía de Arousa, padecen a total desconexión dixital desde que foi suprimida a liña de cobre de ADSL, unha situación que sa foi trasladada ao Goberno en anteriores iniciativas. A falta de acceso a internet e telefonía fixa prodúcese a pesar de que esta zona, incluídos núcleos como os da Malladoira, Vilaboa ou A Rosaleda, están incluídos no Plan Único de Banda Larga que debera ter xa garantida a conexión de fibra óptica na parroquia.

Esta situación foi denunciada polas propias persoas afectadas diante da Secretaria de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, ademais doutras institucións, pois foi este órgano o que, a 2021 adxudicou a Telefónica un contrato millonario para levar a banda larga ás zona brancas. A 2 de decembro de 2021 foi publicada a resolución que incluía no Programa Único diferentes concellos do territorio de Pontevedra como Vilagarcía de Arousa, incluídas as rúas Cornazo, Faxilde, Fontecarmoa e toda a parroquia de Sobradelo. Foi a finais de 2023 cando se instalou a fibra óptica en diferentes lugares da parroquia de Sobradelo, porén deixaron sen instalación 150 vivendas da parroquia de Sobradelo cos consecuentes problemas para os veciños e veciñas no seu día a día.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

24 SEP. 2025 14:25:57

Entrada **82115**



Aínda recentemente, no pasado 2 de setembro, a veciñanza dirixiu un novo escrito á compañía Telefónica, que comunicou a unha das persoas afectadas que comprobou que “a falta de infraestrutura de rede por tecnoloxía de Fibra Óptica (FTTH) na zona de residencia impide a prestación do servizo”. Diante da demanda de habilitar unha tecnoloxía de FTTH específica, Telefónica alega que “non pode estimar se se trata dun servizo incluído dentro das obrigacións do Servizo Universal e en consecuencia, a súa provisión dependerá da dispoñibilidade da Central que dote de servizo á zona”, dando como única alternativa dispor de servizo a través de tecnoloxía de radio. Porén, o Plan UNICO Banda outorgou subvencións a empresa para cubrir as denominadas zonas brancas como é o caso da parroquia de Sobradelo.

Por tanto, o BNG demanda ao Goberno que fiscalice a execución das subvencións outorgadas e que exixa finalizar e/ou completar as actuacións, solucionando o problema dos veciños e veciñas de Sobradelo que, aínda a día de hoxe, continúan sen acceso á fibra óptica que debiera ter sido instalada, e que fican absolutamente desprotexidos fronte a actuación abusiva por parte da parte da empresa.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que xestións está a facer o Ministerio para a Transformación Dixital para pór fin aos problemas de desconexión dixital, tanto de telefonía fixa como de acceso a internet de banda larga que están a padecer os habitantes da parroquia de Sobradelo no concello de Vilagarcía de Arousa?
2. Posto que a compañía Telefónica percibiu unha subvención suxeita ao Programa UNICO Banda larga para a extensión de fibra nas parroquias de Vilagarcía de Arousa, comparte que debiera ser responsabilidade da empresa dar unha solución para a conexión dos veciños e veciñas que continúan sen acceso a internet aínda a día de hoxe?



3. Exixirá ás empresas perceptoras das subvencións con cargo ao citado Programa que garantan a extensión da fibra óptica e a telefonía 5G a toda a veciñanza?
4. Cal será a actuación do Ministerio no caso de comprobar que non se completou o obxecto da subvención? É práctica habitual reclamar a devolución da subvención nestes casos? Ten aberto algún expediente por esta causa?

Madrid, a 24 de setembro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso